

que son un canto de maldicir contra o tirano que acaba de falecer. Nesta ocasión utiliza o castelán «Yo, a ti, sin piedad te execro y te maldigo. Maldito yazgas sin paz ni reposo, asesino de auras. Tu degollaste a la niña inocente, tú masacraste a la niña confiada, tu traicionaste el catorce de abril. Frío Herodes de España, sanguinario profeta de una nueva imposible Edad Media, Oh, los sicarios del capitalismo, oh el ergástulo Santo asesino, Oh, el ejercito, Franco, la Iglesia, el fascismo salvador de España».

Xa escribira poesía política antes (aquí os menos novos recordarán o que aconteceu no mapa de Galicia; unha cousa espantosa, achacable tamén, en última instancia a Franco, os bispos, arcebispos, banqueiros, señoritos, administradores) cando os acontecementos do dez de marzo de 1972 en Ferrol, vítimas cando estaban nunha manifestación. Amador e Daniel que nin era comunistas nin de CC.OO, ós que uns rapaces da policía armada de 20 anos ós que lles mandan disparar e disparan e matan a aqueles pais de familia. Os fillos ou os netos destes asesinos involuntarios, forzados seguramente, teñen hoxe uns dereitos que estaban conseguindo aqueles dous homes novos. Porque ese era o significado do 10 de marzo en Ferrol.

Este feito non se lle escapa a Evaristo de Sela. Esta aterrizado e escribe este poema para despois gardalo nun caixón. O poema fala só de Amador, seguramente porque Evaristo descoñecía que foran dous os asesinados en vez de un.



Quizais nunca entrou don Evaristo en controversia coa relixión, pero si coa igrexa, sobre todo coa igrexa católica española do 36 que era moi católica pero pouco cristiana. Esa era a igrexa do capitalismo, da barbarie, do fascismo: «Todo o que eles fan e por me salvar. Roubáronme o que é meu, é por me salvar; o capitalismo, é por me salvar; o clericalismo, é por me salvar; o militarismo é por me salvar»

Se hoxe vivise Evaristo de Sela diría: Os mercados son tamén para salvarnos a aqueles que nos rebaixan o soldo, as pensións...

Evaristo de Sela é un ser dos máis extraordinarios que ten dado Galicia. O home, o cidadán, o helenista é home que se debía sobre todo as palabras. El non era militante do Partido Galeguista no ano 36 e, que eu saiba, non o foi nos momentos posteriores a morte de Franco; pero él que é un dos autores máis importantes na historia do discurso literario formulado en lingua galega -ahí están as dúas traducións homéricas-. Ese home que ten ese papel de relevancia no noso discurso literario é alguén que merecía fai moito tempo non esta homenaxe se non este desagravio, porque estamos nun mundo en que aínda non se desagraviou os perseguidos e os que o final deixaron a alma. Aquí non vimos a indultar a Evaristo de Sela; ós que indultan son ós banqueiras que como dixo o goberno de España, que hai dous días indultou a un responsable de que a miña pensión sexa menor; a miña e a de todos os demais, dos que vivimos do traballo. Aquí non se trata de indultar, o que se trata é de desagraviar e de facer ver que este é un dos grandes homes que ten dado Galicia. El militou na da palabra, na causa de todas as palabras, e o seu Deus eu creo que era Anteo, ese Deus que segundo a mitoloxía, cando pousa os pés na terra o humus vital recobra unha forza poderosa; e o Deus que lle ensinou o camiño de que tiña que por os pés na terra de Galicia e concretamente nesta terra de Arbo e máis concretamente nesta terra de Sela para facer falar no idioma galego á Homero.

Conta a súa filla nunha biografía que se publicou hai pouco, que cando rematou de escribir, non sei se a *Íliada* ou a *Odisea*, pero tanto ten, el foi a unha casa de campo que ten a familia na Sobreira, nas aforas

de Vigo e leu en galego os exámetros que máis lle gustaban de Homero para que escoitaran os piñeiros; e o que non sabe a filla e que eu teño, cónstame a min, que os piñeiros do Himmno Galego de Eduardo Pondal co seu arume arpado oiron o recital singular de Evaristo de Sela e entoaron unha canción.

Así era Evaristo de Sela.

Hoxe é un día grande na historia de Sela e na historia da cultura europea.

Moitas grazas.

## Intervención de Don Juan José Moralejo Álvarez (1941-2012) Catedrático de lingua e literatura grega Universidade de Santiago de Compostela

Bos días a todos, autoridades e familia de Evaristo; sobre todo á muller, á quen non lle quero chamar viúva porque Evaristo vive.

Custoume un pouco chegar ó camiño da Granxa de Sela aínda que teño moita experiencia como vou referir agora de todas estes camiños nestas terras fermosas do Miño.

Invitado a este novo e sempre merecido e grato homenaxe o meu amigo Evaristo, voume permitir a repetición dalgunha das cousas que dixen fai dez anos cando presentamos a homérica proeza do noso amigo. A

miña amizade con Evaristo González Fernández, Evaristo de Sela, chegou tarde pero aínda puíden disfrutar os seus contos de cando neno, de como tiña os ollos bébedos de libros e letras, cando as péricas andábanlle ceibas de máis e a nai rifáballe o seu Evaristiño por aquí por Sela, na beira do miño, do Padre Miño que é un dos gozos que compartimos Evaristo e máis eu; él en Sela; un pouco máis arriba, eu; en Cortegada. Aínda o outro día nunha festa de pescadores démoslle un premio a un biólogo portugués de Vilanova de Cerveira xefe e promotor da Sanidade ambiental do río Miño, que na súa interevención comezou dicindo que o río Miño—e non hai quen llo discuta— é o río

máis fermoso do mundo; esto ademáis ten moito que ver conmigo e con Evaristo; xa digo, él en Sela; un pouco máis arriba eu en Cortegada.



Compatín con Evaristo o gozo da lingua grega na que él tiña sobre mín a inmensa ventaxa de comezar por Homero, oitocentos anos antes de Cristo e leer de corrido ata o grego moderno, poño por caso Kavafis, Séferis, etc, etc; e dicir, unha longa andaina de vinteito séculos. Penso, por exemplo en Kavafis, que no seu poema *Ítaca* fixo un dos mellores remates poéticos e humanos do que é implicar ó mundo que Homero creou con Odiseo e o seu fillo Telémaco. Odiseo é o gran vagamundo e o seu fillo Telémaco vai a procura do seu pai.

Cando no século XIX a Hélade recuperou a súa independencia e rexurdía nas súas letras o héroe clásico, que nunca morrera, voltou a agromar con forza, e, os poetas vellos, Homero, Safo, Arquíloco, Píndaro... tiveron unha dignísima continuidade en Elytis, Séferis, Kavafis, que son os poetas nos que os novos xeitos que eles teñen de dicir están felizmente enchoupados nos vellos modelos dos seus antepasados poetas.

A tradución fermosa que fixo Evaristo dos poetas gregos modernos pode confirmar todo o que eu digo xa que o primeiro que se asome a primeira páxina

dela vai confirmar que a excelencia da tradución que fixo Evaristo non é somentes o saber traducir, ter os coñecementos filolóxicos precisos para trasladar a lingua grega ó galego vivo, farturento que tiña Evaristo, ó galego que él mamou en Sela; un galego no que demostrou cabalmente que para el era a súa lingua propia, Repito esta afirmación, a súa lingua vehicular.

En toda lingua europea que quere ser un transmisor normal, normalizado e normativizado de creación literaria, filosófica, científica, técnica, que quere ser unha lingua que chamamos vulgarmente unha culta, o intercambio con outras linguas é esencial. Hoxe quero quedarme unecamente co intercambio esencialísimo que é a labor seria, difícil da tradución, unha labor que é unha benzon para as linguas de entrada, neste caso o galego sen dano algún as de saída. No caso que nos ocupa, Evaristo demostrou totalmente co seu traballo o contrario dun vello dito, un xogo de palabras da lingua italiana que dí

"traduttore, traditore" que ben a ser como "o que traduce, traiciona". O que fixo Evaristo foi trasladar fermosamente e competentemente os contidos gregos ó galego.

A Evaristo de Sela rendémolle unha homenaxe fai

anos cando rematou a tradución da *Odisea* e xa tiña da *Ilíada*. Daquela, chamado eu a participar na homenaxe califiquei a Evaristo de "Jalkenteros"; está é unha palabra do grego antigo que significa ter entrañas de bronce; un home teimudo no seu esforzo i esforzado moito por arriba do que é normal, esperable e esixible dun home. En tempos do helenismo, hai cousa de vinte séculos chamáronlle Jalkenteros, Tripas de bronce a un home que pola súa



capacidade de traballo deixou apampados a todos os seus colegas e contemporáneos que non sabían de donde sacaba tal cantidade de traballo ben feito. I eu penso que tamén foi Jalkenteros, e sempre o dixeran, o meu amigo Evaristo, porque ademais todos os que fomos amigos del e a familia e toda a parroquia de Sela sabe que Evaristo tivo que facer unha parte deste traballo de tradución de Homero cando era un home máis que maduro nunhas condicións de saúde e de capacidade física que a outros os rendería e os deixaría nunha especie de inactividade forzosa. A tradución de Evaristo non é só traballo de vencer as súas propias limitacións e eivas cun espírito francamente soberano, titánico, por falar de outra realidade plenamente; Evaristo foi un xigante e un titán, dous entes centrais da vella mitoloxía grega.

Evaristo tivo sabiduría e erudición, tivo esforzo para nos regalar todo Homero en lingua galega e todo Homero en falar de moitos miles e miles de versos e ademais regalounos tamén unha belísima

antoloxía de poetas gregos modernos; polo tanto, abofé que é Evaristo, deixando todas as incidencias que Xesús Alonso Montero acaba de rememorar ou engadindo todas esas experiencias, un galego ilustre, un home que podemos calificar de bó e xenerosos sen

que esta formula tantas veces repetida sexa algo valeiro para ir enchendo papel e ir facendo a gaceta do periódico.

Penso que Evaristo ben merece esta placa porque coa súa enerxía vital e intelectual foi implacable cos textos homéricos.

E ahí temos esa placa que o recorda.

Grazas.

# A propósito de mi vida o A impulsos del corazón, un texto poético inédito de Evaristo de Sela.

(XI)

## La canción interior

Soy aquel que desde niño lleva dentro de su pecho  
infundido por la mano del Artífice Supremo  
este culto con que adoro la hermosura, la belleza;  
este amor que me arrebató, que me arrobó y me enajena  
y me eleva hasta esos cielos y me lleva hasta esos astros,  
y me trae locamente peregrino en los espacios  
o me arrastra entre estos pinos de mi patria idolatrada,  
o me encorva con los montes, con las sierras y montañas,  
o me tuerce con los ríos y regatos bullidores,  
o me yergue con la roca que hace aullar los aguilonés,  
o me bate con las olas en la costa enfurecida,  
o me lleva con los vientos desde el valle a la colina,  
o me carga con las nubes de fatídica tormenta,  
o me lanza entre los rayos de la fúlgida centella,  
o me extiende con el trueno lentamente retumbando,  
o me esparce con la lluvia por las villas, por los campos:  
porque tanto es este culto que Natura me ha infundido  
que para ella, en dentro de ella, dentro de ella... solo vivo.  
Y por eso me derrito como cera con el fuego,  
y por eso como el agua por la esponja yo penetro  
por los campos, por los valles; por las flores, por las piedras;  
y me enlazo entre los muros vegetando con la hiedra,  
y me visto con las rosas de hermosísimos ropajes,  
me divido y me retuerzo con las ramas de los árboles;  
me deleito entre las aguas con los mil variados peces:  
me paseo por los aires con las águilas solemnes;  
y me doblo con los pinos al compás del vendaval,  
y hasta canto con las aves de dulcísimo trinar;  
porque yo soy el cariño, porque yo soy el amor  
hacia todas las bellezas de la inmensa Creación.  
Porque yo vivo en la tierra, porque yo vivo en los aires,  
porque yo vivo en los ríos, porque yo vivo en los mares;  
porque yo amo lo armonioso, porque adoro lo expresivo:  
porque me arde en las entrañas este espíritu divino  
que me agranda hasta lo inmenso, que me achica hasta la nada,  
que me trae, que me lleva; que me sube, que me baja.  
Porque a veces yo soy piedra, porque a veces yo soy sol;  
a las tardes soy oveja, y a las noches ruiseñor;  
porque a veces me contento vegetando entre los brezos,  
porque a veces desearía ser inmenso, ser eterno...  
Y tener más corazones que arenillas guarda el mar,  
y tener en mis entrañas la potencia de un volcán